Onstopus

http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm

Xornal: *anárquico-independente de Ons* **/ Saída:** *cando lle peta* **/ Prezo:** *cunca albariño caseiro* **/ Coordina:** *Tinóns*

Nº116/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de novembro/ Estado de Cocido e Centoladas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Parabéns para o Faro de Cíes. Pero, que pasa co Faro de Ons? **Páx. 1**

Os patróns buscan novas alternativas á falla de man de obra para traballar no mar. **Páx. 1**



Posibles fallos no catálogo de bens culturais da Xunta en Ons. **Páx. 2**

Terceira entrega do traballo de Vicetto. AUNONA. **Páx. 5**

Material de obra á espera. Ata cando? Non o sei, pero así estaba na praia das Dornas a 2 de novembro 2025. **Páxs. 3-4**

Historia dos incendios en Ons. **Páx. 6**

Páxina enogastronómica. **Páx. 7**

O Faro de Ons, sempre presente neste minixornal. **Páxs. 1, 9, 10.**

Antiga áncora ou *risón*, que foi tema de chiste nunha taberna de Portonovo. **Páx. 8**

FARO DE CÍES, PRIMEIRO MUSEO DE ESPAÑA?

Dende logo o efecto **Caballero**, faise notar en Vigo e nas Cíes. Un pequeno espazo, que servía de lugar de almacenamento de material, agora vaise converter nun Museo que, como anuncian no Faro de Vigo: "***El faro de Cíes se convertirá en el primer museo de su tipo en España". ...***(*Faro de Vigo 21/10/2025*...). *La consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, anunció esta semana esta iniciativa durante una visita a las islas…)*.

Casualidade, cunhas características iguais ás que levamos pedindo, dende hai máis dun ano para o Faro de Ons, catro Asociacións Culturais de Ons e Bueu ***(... El proyecto de Cíes aspira a convertirse en un referente del turismo sostenible y la educación ambiental en Galicia. Su contenido no solo abordará aspectos técnicos, sino también humanos: la vida de los antiguos torreros, el papel de los faros en la seguridad marítima y las historias de quienes, durante décadas, velaron por que los barcos llegaran a buen puerto. Tamén dí, a Conselleira que: "...Esta actuación se enmarca en los esfuerzos por mejorar la oferta turística sostenible de las islas mientras se preserva y pone en valor el patrimonio histórico y cultural del espacio natural. ..."***

Importante comentario e iniciativa, onde se comproba unha boa sintonía entre a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería de Medio Ambiente (xestora do Parque Nacional); ao igual que comprobamos con anterioridade, ese mesmo entendemento entre a Autoridade Portuaria de Vilagarcía e a Consellería de M. Ambiente con respecto ao Faro de Sálvora.

Que pasa logo co de Ons? A que esperan os organismos con competencias nesa Illa (Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, Consellería de M. Ambiente e Concello de Bueu, polo menos) para iniciar conversas con vistas a buscar, nun futuro moi próximo, unha saída de futuro, como **Centro Cultural**, para o Faro de Ons?

Como xa teño exposto neste minixornal, espero que só sexa consecuencia de que, aínda que está xa automatizado dende hai un tempo, segue tendo dous fareiros pendentes da súa boa funcionalidade e mantemento, tanto interno como externo e, á vez, neste próximo 2026 está de aniversario, xa que cumpre 100 anos dende a súa última importante remodelación.

É por todo iso que, como xa comentamos, estaremos á espera do que pase este próximo 2026 e, segundo como se leven as cousas, actuaremos para seguir solicitando o que xa conseguiron os Faros de Cíes e Sálvora, coa boa concordia entre organismos e esperando que o Parque Nacional tome a dirección deste magnífico monumento para actividades culturais, sobre as que, xa varias asociacións culturais, e ata coa entrega de sinaturas, vimos pedindo e presentamos suxestións.

Faro de Cíes, idea de futuro. *(Foto Autoridade Portuaria de Vigo. Faro de Vigo)*

Faro de Ons.

Cormorán á espera de instrucións e a garza a carón da embarcación.

CONTOS DE TABERNA

Adestramento de aves mariñas

Xa todos sabemos como está o mundo do mar e da pesca; cada vez peor. Por iso buscar novas alternativas é esencial para poder saír adiante neste oficio.

Pois ben, o noso querido amigo Alvarito, está á procura de solucións e, coa súa habilidade, conseguiu adestrar a unha garza real, e está case conseguindo, tamén a un cormorán moñudo.

O obxectivo, é que eles se encarguen de substituír aos, xa case ínfimos, mozos que están dispostos a embarcarse como mariñeiros. A garza xa é quen de subministrarlle poliquetos (vermes para pesca), ameixas, longueirións e algún outro bivalvo. O cormorán, está aínda en período de adestramento e proba, pero xa conseguiu que lle abasteza de pequenos peixes tipo fanecas e xureliños. Alvarito, todo un adiantado no mundo da nova pesca sostible.

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL. BUEU: OS DA ILLA DE ONS





Código	Nome
73_001	FÁBRICA DE CONSERVAS
73_002	ESTALEIRO DO PURRO
73_003	CASAS NA PRAIA DE BELUSO 10 / 11 / 12 / 13
73_004	CASAS NA PRAIA DE BELUSO 23 / 26A / 27A / 28A / 28B
73_005	CASAS NA PRAIA DE BELUSO 32 /33 /34
73_006	CONSERVEIRA A ROIBA
73_007	CASA MOLEZÚN
73_009	XACEMENTO ROMANO VILA DE PRAIA MOURISCA
73_010	SALGADURA DE ANCORADOIRO
73_011	SALGADURA DE PRAIA MOURISCA
73_012	ABRIGO DA PRAIA DE ANCORADOIRO 1
73_013	ACHADO DE CON
73_014	PETRÓGLIFO DE PUNTA ESCANDIÑA
73_015	PETRÓGLIFO DA BUFÚA
73_016	PETRÓGLIFO DE PRAIA DE REVENTÓNS 2
73_017	PETRÓGLIFO DE PRAIA DE REVENTÓNS 1
73_018	CASTELO DE PEREIRÓ
73_019	XACEMENTO DA PRAIA DE CANEXOL
73_020	IGREXA VELLA DE ONS
73_021	HÓRREO EN CANEXOL I
73_022	HÓRREO EN CANEXOL II
73_023	SARTEGO MEDIEVAL A LAXE DO CREGO
73_024	PETRÓGLIFO DA LAXE
73_025	CONXUNTO DE HÓRREOS DA ILLA DE ONS – HÓRREO 4
73_026	CONXUNTO DE HÓRREOS DA ILLA DE ONS – HÓRREO 3
73_027	CONXUNTO DE HÓRREOS DA ILLA DE ONS – HÓRREO 2
73_028	CONXUNTO DE HÓRREOS DA ILLA DE ONS – HÓRREO 1
73_029	PUNTA DO CASTELO



Outra catalogación máis.

Din que esta é oficial, agora que houbo cambio no poderío do litoral galego. Pero, servirá de algo? Xa nos anos 50 s.XX, Filgueira Valverde e García Alén facían un primeiro Inventario do Bens Arqueolóxicos e Históricos de Ons. Logo, a nivel periodístico e enviando escritos aos organismos xestores, mandei un bo número de datos sobre o interesante patrimonio histórico e arqueolóxico de Ons, para que o tiveran en conta e, sobre todo, o estudaran e catalogaran. A partir de 1998, a As. Cultural PineirÓns, na súa revista ***AUNIOS***, sacan a luz un bo número de artigos sobre o Patrimonio Monumental desta illa. Pasaron uns anos, e a partir do 2009 Paula Ballesteros fai unha das catalogacións máis importantes e con rigor científico, do Patrimonio Histórico-Arqueolóxico-Etnográfico-Paisaxístico de Ons. Posteriormente, 2027, o Concello de Bueu, no seu PXOM e baseándose no traballo de Ballesteros, volven a facer outra catalogación deste mesmo valor cultural de Ons e, de novo agora, a Consellería de M. Ambiente repite, daquela maneira, o mesmo Catálogo.

Cando isto escribo, 1 de novembro, aínda hai tempo de alegar; pero, sobre que? Eu, dende logo, non teño claro que beneficios ou prexuízos vai levar esta Lei de Litoral galega para Ons en xeral, para os bens catalogados e para os veciños, por iso é mellor que, persoas especializadas o estuden e sexan os que aleguen e, para iso, o concello de Bueu e os veciños, son os que terían que poñer a tixola ao lume, estudalo exhaustivamente e presentar todo o que faga falla.

Eu, dende a miña humilde opinión, só vou facer unhas pequenas suxestións:

1ª.- Nesta Lei de Litoral e tendo en conta que as illas galegas son dun tamaño moi pequeno, *tanto de eslora como de manga*. Non sería mellor que entrara todo o seu conxunto e non só unha pequena parte (que poden ver na foto, arriba á esquerda, a liña lila que vai da cara ao mar).

2ª.- Os que fixeron o traballo e que, supoño, cobraron por el, achegáronse a todo o litoral e comprobaron o que despois poñen sobre o papel? Por exemplo, nas fotos de arriba (dereita e centro): onde están eses piornos (*hórreos*) que din?

3ª.- Comprobaron se o estado do ben catalogado, é o que poñen nese catálogo?

4ª.- Outro exemplo: En Canexol, catalogan, supoño dentro desa liña lila, dous piornos á beira da duna, e a igrexa vella. Sen embargo deixan sen catalogar, a antiga casa agrícola (posteriormente escola-reitoral) e dous importantes piornos (dos máis grandes da provincia de Pontevedra) que están no medio, entre os piornos catalogados e a capela. ...

Podería seguir comentando algunha cousa máis, pero prefiro que o fagan os interesados. O que si comentar, este catálogo, que o fai a Consellería de M. Ambiente, foi revisado por Parques? Eles si teñen, ou deberían, os datos exactos.

LÓSTREGA VISITA Á ILLA DE ONS O DÍA DE DEFUNTOS. CON COCIDO E VISITA GUIADA

Dende a década de 1980 e ata case mediados da de 1990 a illa, a partir de agosto, quedaba só cunhas poucas familias que, aínda tendo xa casa no continente, seguían vivindo en Ons, e outras que ían con bastante frecuencia. Logo aumentaba un chisco na primavera e sobre todo no verán, aínda que algunhas, polas circunstancias que fose, non viñan en todo o ano, agás, o ***día de Defuntos***.

É por iso, que o barco de pasaxe paraba a finais de agosto, ía algúns fins de semana de setembro e ren máis, ata que a finais da década de 1990 e sobre todo a partires de pasar Ons a formar parte do Parque Nacional, os meses de xuño e setembro xa entran dentro da tempada alta e, ás veces, o mes de outubro, segundo a meteoroloxía, pasan a ter barco con bastante asiduidade con excursións, obreiros, veciños,...

É por iso que antes, ao haber barco o ***día de Defuntos*** para que os veciños foran ao cemiterio, eu sempre ía, pois era o xeito de coñecer a Illa en outono, ese día había unha mellor vínculo coa veciñanza e, sobre todo, ver a aunienses que non vías dende había anos e que só viñan ese día a limpar e traer flores aos seus antepasados.

É certo que dende o 2002 deixei de ir ese día, agás nalgunha ocasión, e como este ano, non volvera a Ons dende mediados de setembro, non perdín a ocasión de ir ver como estaba a illa e comprobar por min mesmo, todo o que me contaban os veciños con respecto ao seu estado de limpeza e obras.

Deixo aquí o resultado fotográfico, con pequeno comentario, de como está a Illa a primeiros de novembro de 2025.

Mesmo ao chegar, e despois de andar o treito do peirao que vai cara á subida a Curro, seguimos vendo, ou máis ben intuíndo, o plano da illa coas rutas e algunha foto dos lugares máis turísticos.

Todo o verán así, pensarán cambialo con vistas ao 2026?

Comprobamos que, tal como estaba dende xullo o camiño que, incomprensiblemente, están a tapar con lastras (pequenos *adoquíns*), sigue igual, e iso que xa hai en varios puntos do seu arredor, sacos con material para seguir traballando. Seguirá así o verán que vén?

A que político se lle ocorrería tapar o *baldosín* dese barrio, que estaba en bo estado, e por esas lastras de granito?

Nova sinalización. Atopamos por varios puntos da Illa, entre Curro e Pereiró, estes anuncios de prohibición de uso de drons.

A soidade de falla de uso.

Pasarela dende o Peirao Praia de Area dos Cans

Cando foi construída esta pasarela de madeira, preguntamos cal era o motivo, pois sabiamos que estas construcións, aínda que se entroncaban ben co medio (dunas e praia), sen embargo non estaban dando o resultado que se esperaba, pois pronto se deterioraban, eran moi esvaradías en días de chuvia,..., e requirían un mantemento continuo cun custo importante, cousa que Parques puido comprobar, ao longo destes anos, con esta de Area dos Cans.

Dixéronnos que era para facilitar a chegada á praia para persoas con minusvalía (cadeira de rodas), co fin de evitar a pronunciada costa que hai dende a Praia das Dornas ata Curro (zona de servizos).

Despois de construída, non fixo falla moito tempo para comprobar que non era efectiva para esas persoas, xa que tiña subidas e baixadas, tanto para ir como para vir da praia, con tanta dificultade, ou máis, que ir pola costa de Curro. Ademais, no caso de necesitar trasladarse dende a praia ata as latrinas, restaurantes ou dar unha volta pola Illa, saír da praia e chegar ao camiño que comunica con eses servizos, era unha tarefa máis complicada que subir a costa de Curro.

Neste verán, 2025, como poden ver nas fotos, estivo nun estado lamentable. Comunicaron, neste pasado mes de setembro, que a Axencia de Turismo de Galicia xa licitou a construción dunha nova pasarela que reducirá a actual pendente para adaptala á Lei de Supresión de Barreras e será máis ancha.

Quedamos á espera, primeiro de ver cando a executan, esperamos que antes da Semana Santa 2026. Segundo que as madeiras do chan sexan menos esvaradías e que as cadeiras de rodas anden ben por ela. Terceiro que non teñan costas pronunciadas. Cuarto que busquen unha solución para esas persoas para poderse desprazar dende a praia ás latrinas, restaurantes ou dar un paseo pola Illa.

... ***Estaremos tamén atentos a esta obra.***

DUNAS DA PRAIA DE CANEXOL

Teño que recoñecer que a foto non é boa, sería mellor sacada dende a praia e así veríase o moito que medrou a duna, xusto polo lugar onde, no verán, por non ter valado, baixan á praia, cando a menos de 20 m. teñen outra nova baixada realizada por Parques hai uns anos.

Coido que sería interesante que, por persoal técnico, revisaran o estado actual da duna e, se o consideran conveniente, intentar protexela, buscando o xeito de que non perda esa nova area e, dende logo, evitando a baixada por ese lugar, tendo en conta antes, de tratalo cos veciños do barrio.

Caeulle a Cesáreo o pequeno muro que aguantaba parte da finca.

Sobre este frutífero ***Día de Defuntos*** en Ons, hai máis fotos e comentarios, pero prefiro facelos máis adiante, ou noutros Onstopus, debido á importancia que teñen. Casos como: Os antigos patios das escolas de Curro, hoxe Centro de Visitantes. O remate definitivo das rodeiras de Curro ao Campamento da Xunta en Pereiró. O espazo do Campamento da Xunta. O cemiterio e o estado dalgunhas das súas tumbas. Algúns piornos que non entraron no Catálogo de bens culturais do litoral. … E algunha cousa máis.



— 63 —

espedicion. No se oian mas que juramentos é imprecaciones contra el mar; y como los unos molestaban á los otros porque iban como estivados, el vocerio ensordecia los aires.

Llegó la noche, y sobrevino con lluvia.

Entonces el desórden creció de pronto y en dos transportes hubo tal alboroto que sin respetar á sus gefes, los soldados se acuchillaban por un palmo mas ó menos de sitio, poseidos del mayor pánico.

Como la noche les sorprendiera en la mar, unos trasportes se perdian de los otros; y para mayor desdicha, tormento y confusion de los enemigos de la fé, les empezaba á aquejar el hambre, pues no habian hecho provisiones contando con trasportarse á Aunona en horas.

La noche fué horrorosa para la espedicion: hambre, lluvia, mareo...

A la irradiacion pálida del alva, cuando sus primeras tintas de plata empezaron á caer sobre las olas, la lluvia cesó del todo; pero en cambio la mar erizaba sus montañas de irritada espuma contra el rumbo de los trasportes, en una ebulicion incesante y terrible.



— 64 —

Llegaron por fin á la isla; pero ¿cómo desembarcar en ella si por todas partes los inundaban de flechas, sucumbiendo los espedicionarios sin defensa?

Era tal el estrago que hacian sobre los trasportes las piedras que lanzaban los aunonenses, que no se veian mas que cadáveres suevos sobre el ondisonante mar.

Entonces, los obispos cristiano-caláicos, mandaron suspender las hostilidades; y siéndoles imposible ausiliar á sus enemigos, librándolos del furor del Occéano, entonaron sobre la montaña mas alta de la isla un *Te Deum* en accion de gracias por aquella maravillosa derrota que sufrian sus enemigos.

Por los trasportes que pudieron aportar á Simes, supo el rey Remismundo la inmensa pérdida que acababa de sufrir (1); y tal era su ódio al cristianismo que preparó otra nueva espedicion, espedicion que él habia de mandar.

Al efecto, dejó pasar aquel invierno; y por el verano, en los dias se-

(1) *Suevi adversus Aunonensem sæviunt plebem.*

AUNONA (III)

Seguimos coas follas seguintes do traballo de Benito Vicetto "*Los Reyes Suevos de Galicia*". Aquí podemos comprobar como a expedición que ía conquistar AUNONA pasou por uns momentos terribles. Aínda así, lograron arribar a ela, pero desembarcar foi máis terrible aínda, os Aunonenses estaban preparados para evitar a invasión.

Se pecharamos os ollos e puxerámonos a recordar as historias que contaban os veciños, cando nos anos no que o Marqués de Valladares chegou a Ons proclamándose dono e como o rexeitaron, salvando a vida grazas a un veciño que escapou con el nunha barca. Ou máis adiante, cando Riobó enviou ás forzas da orde para evitar a sublevación veciñal, e que tamén foron rexeitados coas pedras lanzadas habilmente polas ondas dos aunienses contra as barcazas que os transportaban. ... Parecería que os ***AUNONONSES*** e os ***AUNIENSES***, son os mesmos persoeiros da historia.

A VAGA DE INCENDIOS EN GALICIA

Historia do lume en Ons. Prevención (IV)

No anterior Onstopus enumeraba unha serie de posibles causas, segundo os comentarios da época, que puideran ser os motivos que provocaron a vaga de incendios que tivo Ons a principios da década de 1980.

O certo é que a falla de control e investigación, por parte da administración neses anos, non fixo posible dar cos culpables, nin tan sequera mirar un xeito de evitalos pois, coido, era bastante doado facelo, só había que poñer interese.

Por que non se fixo? Unha pregunta de difícil resposta, e máis agora, pero no seu momento houbo puntos claros e escuros, que só cunha mínima investigación, podería abrir moitas portas para coñecer, polo menos, as causas dalgúns deses incendios e que quizais, evitaría a prolongada ondada que houbo nesa década.

Pola miña banda daquela, e consciente da problemática, intentei, por medio de escritos á administración xestora e pola prensa, que algo se fixera para tentar evitalos:

- Antes de tempada de verán, pedía que se limparan de maleza os accesos as casas.
- Suxerín que informaran aos veciños do perigo do lume, e que puxeran a disposición dos que viñan na primavera e no verán, os mínimos medios para a limpeza dos arredores das súas vivendas.
- Tamén apuntei que lles informaran para que, despois da limpeza que facían de maleza e que amontoaban para ser queimada, fixérana sempre pedindo permiso e solicitando que estivera presente o retén de incendios ou, polo menos, que fosen guiados na queima por persoal de mantemento.
- En numerosas ocasións expliquei que os mariñeiros, para ir ao percebe cando había mala mar, facíano indo por terra e baixando polo monte ata o cantil. Por mor da emigración forzosa, eses camiños se foron pechando durante o inverno. Apuntei que non estaría de máis, entrevistarse cos eles e coñecer cales eran os lugares de baixada ao cantil e abrirllos. Dígoo, porque esa era unha das causas que esgrimía a administración para botar a culpa de certos lumes, pero, sen embargo, non facía absolutamente nada para remedialo.
- Daquela recomendei (aínda o estou a facer agora en temáticas de Educación Ambiental), que na primavera, en Bueu e na Illa, se realizaran unhas charlas aos veciños sobre a fauna e flora auniense, co fin de que a coñeceran mellor e souberan que tanto lagartos, como serpes, grallas,..., eran inofensivos e que, sen embargo, axudaban para evitar insectos, roedores,... E informar do mellor xeito de evitar as grallas nos cultivos.
- ...

Un bo número de escritos que de nada serviron. Facer ben as cousas, daba moito traballo e, sobre todo, como non se lle ocorría a eles, non querían que ninguén os criticara por iso. O caso é que os incendios seguían; a súa ineficacia era manifesta.

Pero tiñan unha solución, buscar culpables por onde fose. A autocrítica non existía e menos dar pé a que alguén pensara que non eran quen de dar alternativas ou buscar solucións, de nada valían as suxestións que se lles enviaran, de acollerse a elas, sería demostrar a súa incompetencia, así que todo seguiu igual.

Se os veciños estaban no seu punto de mira, tamén os campistas,..., pero diso falarei no seguinte número...

Os lumes achegábanse con frecuencia ás casas.

PARQUE ACTIVO

Estamos no outono, época no que xorden os cogomelos, aínda que, con este cambio climático que estamos a sufrir, hai un importante desfase, sobre todo, nalgunhas especies.

Que bo momento para que os responsables do Parque Nacional organizaran unha visita guiada a Ons, con membros dalgunha asociación micolóxica pontevedresa ou galega, para facer ***Rutas Micolóxicas*** pola Illa e identificar, non arrancar, cogomelos.

Sería unha actividade excelente que atraería a moitos amigos da micoloxía e, á vez, con persoal especializado, poderíase ir tomando nota e ir aprendendo máis sobre este fascinante mundo natural.

Sigo dicindo que falta no Parque un ***Técnico Cultural e Dinamizador*** que estea disposto, se o deixan, a incrementar o potencial activo que pode ofertar esta illa, e as demais do Parque, en épocas fóra da estival, e así desestacionalizalo.

Viñeta: Davila, Faro de Vigo

PÁXINA ENOGASTRONÓMICA

COCIDO NA ILLA DE ONS

Si, era o 2 de novembro. Na illa, como sempre, celebraban o ***Día de Defuntos***. O cemiterio a tope de persoas e flores nas tumbas dos seus antepasados. Era unha xornada especial. O Grupo Acuña, como leva facendo dende hai anos, puxo barco e, á vez, organizou o primeiro **cocido** desta tempada de inverno.

Foi un día especial, unha maioría, asistiu á Ruta organizada. Os veciños foron a poñer flores aos seus defuntos e airear as vivendas. Outros, entre os que me atopaba, a ver como estaba a nosa querida illa. E todos, a partires das 14 horas, á espera da quenda de cocido, moi ben organizada e contando co grupo "***Viva quen venza***" coordinada polo gran "Antonio Carmelo".

Todo resultou un éxito. A ruta, o cocido e os músicos.



O MAGOSTO

O gran Tinón, celebrando o Magosto en Noalla, concretamente, na "***Nova Ponte***".

XORNADAS DE CAZA NO FRENAZO (AS NEVES)

Como levamos facendo dende hai máis de tres anos, membros de PineirÓns e amigos celebramos o comezo da tempada de caza no Restaurante "***O Frenazo***" nas Neves. Como sempre, degustamos os pratos máis especiais como son: Os entrantes de : croquetas de magret de pato, faisán con setas, ravioli de rabo de toro e terrina de cervo con trompetas dos mortos. Logo entramos nos pratos fortes, a base de: Perdiz á toledana. Paspallás escabechado con fabas. Corzo con mazá. Xabaril estufado e Lebre con arroz e pera caramelizada. Todo regado cuns bos viños da comarca e unha sobremesa de quitarse o sombreiro, entre a que destaco, para o meu gusto, o requeixo con mel.

CONTOS DE TABERNA

"BÓTAME OUTRO RISÓN"

Como sempre, a historia comezou na mesa da partida. Xa remataran os berros sobre as malas xogadas, calmáranse os nervios e comezaba o faladoiro. A temática que xurdiu ese día, ía polos chistes e como estes influían logo na historia do lugar.

Nun intre, comentou Pepe da Illa: "***Cando iamos a vender á lonxa de Portonovo, tomabamos os viños e ceabamos na de Manolito, ao carón da antiga lonxa. Como o bar era pequeno, ás veces tiñamos que esperar un mundo para cear, e iamos aos bares de arredor. Un deles era o antigo Risón, daquela un bar de chiqueteo que estaba ao lado da de Manolito.***

Pois mira o que pasou. Estabamos varios da Illa e outros de Portonovo. Cos de Portonovo, había un home de Madrid que levaba xa anos veraneando en Sanxenxo, aínda que daquela, viña moito a Portonovo. Entendía ben o galego, porque sempre andou polos bares e loureiros da zona. Un da Illa, o Xurelo, contou un chiste moi coñecido que dicía: *"Era un da illa que foi examinarse para patrón. Daquela non eran moi cultos e o xeito de facerlle o exame era por preguntas. O presidente do tribunal preguntoulle:*

- *Se está vostede pescando e comeza a xurdir un pequeno vento, que faría?*
- *Botar un risón.*
- *E se o vento aumenta?*
- *Boto outro risón.*
- *Pero ben, o vento segue aumentando... Que faría?*
- *Botar outro rizón.*
- *Hoooome, pera xa, é un vento importante!!!*
- *Pois boto outro risón.*
- *Ben, xa está, é un ciclón, un temporal, un...., que faría vostede, hoooome?*
- *Botar outro risón.*

E xa o presidente do tribunal, cun cabreo que pa que, díxolle:

- *Pero, home, de onde saca vostede tantos risóns???*

E o mariñeiro de Ons, espetoulle:

- *E vostede, de onde saca tanto vento, carallo...?*

Ao escoitar o chiste, ao home de Madrid, fíxolle tanta gracia que, ao pedir a seguinte chiquita, díxolle ao camareiro: "Por favor rapaz: "Bótame outro risón."

Dende aquela, no Risón de Portonovo, para pedir un chiquito, todo o mundo dicía: "Bótame un risón" e se pedías un máis: "Bótame outro risón".

Actual bar-restaurante o Risón en Sanxenxo.

Interesante conto de Pepe da Illa, ***baseado nun feito real no bar Risón***, e que pasou a formar parte da impresionante Cultura Popular, neste caso Mariñeira, da nosa comunidade.

Sobre esta temática, de chistes e repercusións paralelas na vida da zona auniense, vos presentarei un par deles máis nos próximos números de Onstopus.

OS SEMENTAIS

Aquí tendes a dous sementais tirando dun carro pola preciosa praia de Pragueira, nun solpor, coa illa de Ons ao fondo.

Nada que ver co "***semental***" que a TVG de Rueda, nos brindou no programa "A miña gran cidade", onde un tal "***Bertito Soberano***", pon en ridículo un dos máis ancestrais rituais de Galicia: <***O baño das nove ondas da Lanzada***>, e se atreve a dicir (non sei que terán que dicir as feministas): "*A mi no me hace falta eso, las mandas a mi casa y no hay problema*".

Vou, nun principio, a deixalo así, coido que hai moita xente que terá que dicir algo sobre o comentario deste "*personaxe*".

https://www.eldiario.es/galicia/blog/en-redes/semental-tvg-rie-chanza-machista-bertin-osborne-rito-fertilidad-lanzada_132_12760761.html

FARO de ONS

Ola amigos

Sigo coa miña teima de saber que vai pasar comigo cando os fareiros, que por agora seguen coidándome, se vaian.

Vós diredes: - Que lideira ten este Faro!!!

Eu vos entendendo, pero, cada vez chéganme novas que dan medo.

Non coñezo ben este diario dixital "elsaltodiario.com", pero, aí está, e mirar o que conta.

Anímovos a que entredes neste enlace e ler, despois haberá que investigar se a noticia é real e como tomala, pero, aí está….

https://www.elsaltodiario.com/galicia/privatizacion-faros-gallegos-concesiones-fondos-publicos-empresarios-vinculados-al-pp

ÚLTIMA HORA

"ENTREGAN O FARO DE ONS AO ARCEBISPO DE SANTIAGO"

Ao escoitar a noticia, ***QUEDAMOS ABRAIADOS!!!***
Sabiamos que polo ano 899, a Illa de Ons, foi doada ao Arcebispado Compostelano polos Reis Alfonso III el Magno, Ordoño II e AlfonsoV.
Logo no século XV, en estrañas circunstancias, pasa a mans particulares. Xa no século XIX, concretamente no ano 1810, por mor da instalación dunhas baterías de defensa na Illa, solicitan ao Cabido Catedralicio permiso para levar a cabo esas construcións. Uns anos máis tarde, por mor da desamortización, pasa de novo a mans particulares e, nestes intres, reza como dona, ou xestora, a Xunta de Galicia.

Cando limos a noticia, coidamos que a Xunta devolvía Ons ao Arcebispado e, pensamos, que o iría facendo por grupos ou zonas, comezando polo FARO agora que esta automatizado e pronto quedará sen fareiros.
Axiña, pedimos información aos nosos contactos nas altas esferas políticas e eclesiásticas e deseguido quitáronnos da dúbida. Houbo unha mala interpretación da nova.

Resulta que este pasado domingo 16 celebráronse en Bueu as confirmacións, e achegouse o Arcebispo de Santiago D. Francisco José Prieto Fernández. Houbo 44 confirmados e, entre eles, estaba Cesáreo, o bisneto do veciño de Ons máis mediático e popular, <O Gran Cesáreo>.
A parroquia quixo entregarlle ao Arcebispo un recordo e decidiron agasallalo cunha figura de Sargadelos que representa ao FARO de ONS. E quen senón, ía a ser o encargado de entregarlle o agasallo ao Arcebispo, pois o noso Gran Cesáreo.

Parabéns para toda a familia de Cesáreo e un saúdo ao Arcebispo e o párroco de Bueu-Ons, Josecho.



Nas imaxes podemos observar o momento da entrega do Faro ao arcebispo.

Aos dous Cesáreos, a figura de Sargadelos que representa ao Faro de Ons, e unha dos Cesáreos co arcebispo e ao párroco de Bueu,